

25 Abril de 2016 - Revista 1070

Revista Semanal

da Rede Galega de Información Xuvenil



EN PORTADA / 2

NOVAS FORMACION / 8

BOLSAS E AXUDAS / 10

PREMIOS E CONCURSOS / 19

NOVAS DE EMPREGO / 20

NOVAS DAS CASAS DA XUVENTUDE E OMIX / 26

EN PORTADA

A Dirección Xeral de Xuventude pon a disposición da mocidade máis de 950 prazas para participar en campos de traballo en Galicia, no resto de España e no estranxeiro

Mercores, 20 Abril 2016 11:18

- *Constitúen unha excelente ferramenta de educación non formal para a mocidade, xa que engloban experiencias de participación, de voluntariado e de mobilidade*
- *O prazo de presentación de solicitudes abrirase o venres 22 de abril*
- *Os campos enmárcanse na Campaña de Verán da Consellería de Política Social, na que se investirá 2,6 millóns de euros*

A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, abrirá este **venres día 22** o prazo de inscrición nos campos de traballo da **Campaña de Verán** da Consellería de Política Social. Os mozos e mozas galegos poderán escoller entre participar nos campos de traballo que se organizan en Galicia, ou ben ir aos que se celebran noutras comunidades españolas ou en **31 países de Europa, Asia, África e América**.

Os **campos de traballo** constitúen unha excelente ferramenta de educación non formal para a mocidade, xa que engloban experiencias de participación, de voluntariado e de mobilidade. Son accións voluntarias, que os mozos e mozas realizan de xeito altruísta e solidario, poñendo o seu gran de area para mellorar a nosa sociedade. Tamén promoven a participación e implicación da xuventude na sociedade, aprofundando en materias do seu interese e abríndolles novos camiños para a súa realización persoal. Así mesmo, fomentan a mobilidade, pois ofrecen aos rapaces e rapazas a oportunidade de tomar parte en campos doutras comunidades e países, polo que participar nesta oferta de mobilidade e de intercambio de experiencias, axuda ao desenvolvemento de valores de convivencia, tolerancia ou o traballo en equipo.

A Consellería de Política Social organiza un total de **24 campos de traballo** na comunidade nos meses de verán, que terán lugar en *Outes, A Laracha, Ponteceso, Boqueixón, Rois, Betanzos, Curtis, Vedra, Ribeira, Coirós, Folgoso do Courel, Portomarín, Becerreá, Pantón, Quiroga, Xermade, Muíños, Celanova, Vilamarín, Ourense, A Peroxa, Illas Cíes (4 quendas), Cotobade e Vilanova de Arousa*.

Este ano Galicia conta con 958 prazas para que participen rapaces e rapazas de entre 18 e 30 anos en campos de traballo, das que 370 son de envío a outras comunidades autónomas (120 prazas) e a outros países (250 prazas) e 588 de acollida, nos campos que organiza a nosa comunidade. Con estes datos, Galicia é a comunidade española con máis prazas en campos de traballo.

Os campos de traballo enmárcanse dentro da **Campaña de Verán 2016** que organiza a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. Esta campaña é a máis inclusiva e importante dos últimos anos no que se refire a número de prazas ofertadas. En total, son 9.046 as prazas que se ofrecen, o que significa incrementar nun 6% as prazas dispoñibles no ano pasado.

Ademais destes campos, a campaña de verán inclúe albergues, campamentos e actividades de ocio e tempo libre para a mocidade. A Consellería de Política Social destina un orzamento de 2,6 millóns de euros a esta campaña.

Cómpre destacar que, outro dos aspectos positivos da campaña está no impulso ao emprego que leva aparelada. Grazas ao desenvolvemento destas actividades, as empresas de ocio e tempo libre de Galicia darán traballo a máis de 900 monitores/as e directores/as de campamentos.

Os interesados e interesadas nesta campaña, xa poden consultar toda a información relativa á mesma en <http://xuventude.xunta.es>

A directora xeral de Xuventude recolle as ideas dos mozos e mozas participantes nos programas de Xuventude en Betanzos co obxectivo de mellorar as actuacións no eido da mocidade

Mercores, 20 Abril 2016 19:35

- *Cecilia Vázquez tamén se entrevistou con concelleiros de xuventude desta comarca para coordinar as políticas entre administracións*

A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, mantivo hoxe en Betanzos unha xuntanza de traballo cos mozos e mozas que participaron ao longo de 2015 nos diferentes programas postos en marcha pola Dirección Xeral, entre eles, **Iniciativa Xove, Voluntariado Xuvenil, Galeuropa** ou **Deseñando o teu futuro**. O encontro tivo lugar no **Espazo Xove** da localidade e nel participaron rapaces e rapazas procedentes da comarca de Betanzos.

Esta iniciativa ten como obxectivo recoller as súas conclusións á hora de participar nos diferentes programas, co fin de coñecer as súas suxestións, queixas ou dúbidas para recollelas e así poder mellorar as prestacións dos recursos que a Dirección Xeral programa para os mozos e mozas de Galicia. Cecilia Vázquez explicou na xuntanza que *“estas reunións forman parte das accións de participación da mocidade nos temas do seu interese, xa que consideramos prioritario que tomen parte activa e se impliquen ao máximo nos plans de futuro e no desenvolvemento da programación desta administración”*.

Ademais, Cecilia Vázquez tamén mantivo unha encontro con concelleiros de xuventude desta comarca, co obxectivo de coordinar e mellorar as políticas de mocidade que se prestan de xeito conxunto entre os concellos e a administración autonómica, e de presentar a programación da Dirección Xeral para 2016.

Entre os meses de febreiro e abril, Cecilia Vázquez está a manter un total de 14 encontros con mozos e mozas de toda Galicia así como cos responsables de xuventude dos concellos. As xuntanzas xa se celebraron en Chantada, Lugo, Noia, Melide, Ferrol, A Coruña, Lalín, Vilagarcía, Pontevedra, Santiago, Vigo, Carballo e Betanzos. A vindeira e última reunión terá lugar mañá xoves en Ourense.

A directora xeral de Participación pecha a rolda de encontros cos mozos e mozas que ampliaron as súas experiencias sociais e laborais a través de programas de xuventude

Venres, 22 Abril 2016 06:39

A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, mantivo hoxe en Ourense unha xuntanza de traballo cos mozos e mozas que participaron ao longo de 2015 nos diferentes programas postos en marcha pola Dirección Xeral, entre eles, **Iniciativa Xove, Voluntariado Xuvenil, Galeuropa** ou **Deseñando o teu futuro**. O encontro tivo lugar no **Espazo Xove da cidade**, e nel participaron rapaces e rapazas procedentes de toda a provincia.

Esta iniciativa ten como obxectivo recoller as súas conclusións á hora de participar nos diferentes programas, co fin de coñecer as súas suxestións, queixas ou dúbidas para recollelas e así poder mellorar as prestacións dos recursos que a Dirección Xeral programa para os mozos e mozas de Galicia. Cecilia Vázquez explicou na xuntanza que *“estas reunións forman parte das accións de participación da mocidade nos temas do seu interese, xa que consideramos prioritario que tomen parte activa e se impliquen ao máximo nos plans de futuro e no desenvolvemento da programación desta administración”*.

Ademais, Cecilia Vázquez tamén mantivo unha encontro con concelleiros de xuventude da provincia ourensá, co obxectivo de coordinar e mellorar as políticas de mocidade que se prestan de xeito conxunto entre os concellos e a administración autonómica e de presentar a programación da Dirección Xeral para 2016.

Entre os meses de febreiro e abril, Cecilia Vázquez mantivo un total de 14 encontros con mozos e mozas de toda Galicia así como con responsables de xuventude dos concellos. As xuntanzas celebráronse en Chantada, Lugo, Noia, Melide, Ferrol, Coruña, Lalín, Vilagarcía, Pontevedra, Santiago, Vigo, Carballo, Betanzos e Ourense.

A Consellería de Política Social celebra o quinto Ágora Xove cunha temática baseada nas artes e na música

Venres, 22 Abril 2016 06:40

A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, inaugurou hoxe en Ourense o quinto **ÁgoraXove**, un programa da Consellería de Política Social que forma parte das accións de participación da mocidade nos temas do seu interese, buscando renovar o enfoque do traballo coa xuventude a través da animación e da dinamización.

No evento, Cecilia Vázquez explicou aos mozos e mozas participantes que *“esta iniciativa nace co obxectivo de coñecer de primeira man cales son as vosas inquedanzas e demandas, e nada mellor que facelo mediante a participación directa, para que as nosas propostas se adapten cada vez mellor ás vosas preferencias”*.

A temática e o programa de actividades de cada un dos foros está deseñado en función do ámbito territorial no que se desenvolva. Deste xeito, o **ÁgoraXove de Ourense** contou cunha temática baseada nas artes e na música.

O evento comezou cunha mesa redonda sobre **“Competencias e habilidades para o éxito”**, onde participaron a presidenta da Federación Galega de Xoves Empresarios, Carmen José López, a directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez Suárez, e o director do IES Maruxa Mallo de Ordes e coach, José Manuel Dopazo Mella.

O programa **ÁgoraXove de Ourense** tamén contou cunha reflexión en clave biográfica e unha actuación de Daniel Minimalia, premio á mellor canción **Word Music do Ano** e cunha entrevista ao actor e produtor ourensán Rubén Rodríguez Rodríguez (Rubén Ríos).

Tamén houbo lugar para un panel de experiencias de educación non formal coa intervención de participantes en **programas dos Centros Xuvenís Don Bosco**, de recuperación do folclore tradicional, do programa **Galeuropa**, de innovación educativa, da entidade **Ideas for Ourense**, ou dos promotores da **app Whimlist**, así como gañadores do concurso **XMMINT de Unicef**. Este **ÁgoraXove** finalizou cun concerto da **banda ourensá de indie, rock e pop Connectica**.

O perfil dos participantes nos **ÁgoraXove** son membros de entidades, asociacións xuvenís ou grupos informais, antigos participantes nos programas de Xuventude, técnicos de xuventude e de emprego, concelleiros de xuventude, monitores e mozos e mozas en xeral. Estes foros tamén contan cunha área de asesoramento sobre asociación e participación nos programas de educación non formal da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.

Os **ÁgoraXove** xa se teñen celebrado en Vilalba, na Universidade de Santiago, na Universidade de Vigo, en Palas de Rei e Ourense. Este programa tamén terá lugar nas vindeiras semanas en A Estrada, Betanzos, Bergondo, Marín, Vilanova de Arousa, Curtis e Ferrol.

Programa de creadores novos Xuventude Crea 2016

Sábado, 23 Abril 2016 10:06

A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado convidavos a participar neste certame galego de creadores novos, que inclúe as especialidades de teatro, artes plásticas, fotografía, música, relato breve, poesía, videocreación, banda deseñada, graffiti, deseño de xoias, moda e cociña.

Se queres participar, aquí podes revisar as bases do certame

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o día **30 de xuño de 2016**.

A quen vai dirixido?

Poderán solicitar a participación os mozos ou mozas galegos/as ou **residentes en Galicia**, non profesionais, con idades comprendidas entre os **16 e os 30 anos de idade cumpridos no ano 2016**.



Non poderán participar nunha especialidade aquelas persoas que gañasen o primeiro premio desa mesma especialidade na edición do ano anterior.

Enténdese por profesional aquela persoa que mantén unha relación contractual permanente ou ocasional con algunha empresa vinculada á especialidade concreta na que solicita participar levando a cabo traballos directamente relacionados con ela, ou que está dada de alta como autónomo/a nunha actividade que teña unha relación directa coa citada especialidade.

Salvo no caso das especialidades de *teatro*, *música*, *banda deseñada* e *graffiti*, a participación será sempre a título individual.

Máis información:

981 541 689 / 981 545 702

subactividades-xuventude.ctb@xunta.es

O certame Xuventude Crea 2016 premiará o talento dos 40 novos autores de 12 especialidades na "maior manifestación das posibilidades creativas da mocidade galega"

Sábado, 23 Abril 2016 12:38

- A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, presentou no Espazo Xove de Ourense unha nova edición do certame
- A Consellería de Política Social presentou o pasado xoves no Consello da Xunta o informe sobre o programa de creatividade xuvenil que premiou con máis de 230.000 euros o talento de 168 mozos e mozas dende o ano 2012

A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado presentou na mañá de hoxe unha nova edición do **certame Xuventude Crea** que no ano 2016 contará cun orzamento de 112.778 euros "para premiar o talento de arredor de 40 novos autores de 12 especialidades distintas na maior manifestación das posibilidades creativas da mocidade galega".

No **Espazo Xove de Ourense**, Cecilia Vázquez lembrou que **Xuventude Crea** conta co obxectivo de "fomentar a creatividade xuvenil". Grazas a este certame, "os mozos e as mozas poden exercitar as súas habilidades, ensaiar solucións innovadoras, valorar o exame crítico das súas obras e outorgarlles visibilidade", engadiu.

Na convocatoria deste ano poderán participar mozos e mozas galegos ou residentes en Galicia, non profesionais, con idades comprendidas entre os 16 e os 30 anos. Cada unha das especialidades contará con tres premios: o primeiro, de 3.000 euros; o segundo,

de 1.500; e o terceiro, de 1.000 euros. O certame ten 12 especialidades: teatro, artes plásticas, fotografía, música, relato breve, poesía, videocreación, banda deseñada, graffiti, moda, deseño de xoias e cociña, sendo esta última a gran novidade xa que esta especialidade nunca formou parte do **Xuventude Crea**. Salvo no caso das especialidades de teatro, música, banda deseñada e graffiti, a participación será sempre a título individual. Ademais, todas as obras terán que ser en galego, orixinais e inéditas. O xurado estará composto por profesionais que ocupan postos de decisión en cada un dos sectores implicados no concurso. O **prazo** de presentación dos proxectos remata o **30 de xuño**. As bases do concurso pódense consultar no **Diario Oficial de Galicia** do pasado venres, **22 de abril de 2016**.

Informe no Consello da Xunta

A Consellería de Política Social presentou o pasado xoves no **Consello da Xunta** o informe sobre o programa de creatividade xuvenil **Xuventude Crea**, que premiou con máis de 230.000 euros o talento de 168 mozos e mozas dende o ano 2012.

O informe presentado establece que, entre 2012 e 2015, o programa **Xuventude Crea** contou cun orzamento de 361.712 euros, cun total de 984 proxectos presentados e con 168 premiados. A suma do importe dos premios ascende a 236.500 euros. Así mesmo, se fixo entrega de 28 mencións de honra sen dotación económica.

Coa continuidade deste programa, a *Xunta de Galicia* dá cumprimento ao artigo 9 da Lei 6/2012, do 19 de xuño, de *Xuventude de Galicia*, xa que se fomenta o espírito emprendedor, potenciando entre a xuventude un sistema de actitudes e preocupacións do que forman parte a iniciativa propia, a responsabilidade, a planificación de obxectivos vitais ou o compromiso entre outros valores. Así mesmo, a través deste e doutros programas, a administración autonómica adopta accións tendentes a que a xuventude teña facilidades de creación do seu propio posto de traballo.

Xuventude Crea tamén se inscribe no **Plan Estratéxico de Xuventude de Galicia 2014-2016, Horizonte 2020**, que ten como un dos seus eixos principais o fomento da creatividade.



EN PORTADA NOVAS E ACTIVIDADES

Campamentos de surf Artsurfcamp

Martes, 19 Abril 2016 00:00



Artsurfcamp proponche para esta primavera o surfcamp cunha inmersión **100% surf e natureza na praia de Razo** (Carballo). Combinaremos as clases prácticas con coñecementos paralelos que che axudarán a iniciarte ou a mellorar no noso deporte preferido. O equipo de **Artsurfcamp** comprométese coa túa estancia, garantíndoche unhas condicións óptimas de aloxamento, manutención e actividades con monitores titulados no albergue xuvenil con Licenza da Xunta de Galicia 15-AX-16.

DATAS

30 abril ao 1 de maio

30 ABRIL

Entrada no campamento ás 10h00

Check-in. Distribución de habitacións

Reparto de material

11:30 a 13:30 horas clase de surf. Grupos reducidos: 7 alumnos/monitor

14:00 xantar libre pola conta do participante

15:30 surf vixiado e volei praia

19:00 meteoroloxía e predición de ondas

21:00 Cea incluída no albergue

Actividade nocturna

1 MAIO

09:30 Almorzo incluído no albergue

10:30 a 12:30 clase de surf. Grupos reducidos: 7 alumnos/monitor

13:30 xantar incluído no albergue

15:30 surf vixiado

18:00 find

COTA: Para posuidores do carné xove: 75€. // Tarifa normal: 85€.

QUE INCLUE

1 noite de aloxamento en albergue xuvenil **Artsurfcamp** (licenza da Xunta de Galicia 15-AX-16)

- Cuartos de 4 a 6 prazas (albergue a pé de praia)
- 1 PC (entrada con cea e saída con comida)
- 2 días de aluguer de material (traxe de neopreno e prancha de surf)
- 4 horas de clases de surf
- Monitores titulados pola federación galega de surf
- Surf vixiado por monitores (polas tardes)
- Seguro de accidentes e RC

OBSERVACIÓNS:

- Prazas limitadas
- Para tódolos niveis
- Saída garantida (mínimo de 15 prazas)
- Punto de encontro Artsurfcamp (praia de Razo)
- Non inclúe desprazamento ata o campamento

Reservas na seguinte ligazón:

<http://www.artsurfcamp.com/quendas-carne-xove>

Para máis información:

correo-e: alejandro@artsurfcamp.com

Teléfono: 629 203 284 / 638 123 496

Oposicións en Educación en Galicia

Martes, 19 Abril 2016 07:38

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria convoca procedementos selectivos, mediante o sistema de concurso-oposición, para cubrir as seguintes prazas:

- 12 prazas no corpo de inspectores de Educación
- 478 prazas no corpo de profesores de ensino secundario
- 122 prazas no corpo de profesores técnicos de formación profesional
- 500 prazas no corpo de mestres

A solicitude deberá efectuarse pola Internet a través da páxina web da *Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos*, no seguinte enderezo <http://www.edu.xunta.es/oposicions> Deberá imprimirse a instancia que se presentará, xunto coa documentación acreditativa, a través das oficinas de rexistro.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **9 de maio de 2016**.

Máis información no DOG do 19 de abril de 2016 e en <http://www.edu.xunta.es/portal/oposicions2016>

Actividades e viaxes da Asociación "Viento Norte-Sur"

Xoves, 21 Abril 2016 07:50



A **Asociación Vento Norte Sur. Punto de Información Xuvenil** da **Rexión de Murcia** convoca as seguintes viaxes e actividades para este verán:

Viaxes solidarias

IV viaxe solidaria a favor do orfanato Essaouira Darna - Marrocos

Quenda I: 16-23 xullo 2016. Quenda II: 6-13 Agosto 2016

V viaxe solidaria a Ndiawara - Senegal

Quenda I: 17-27 xullo 2016 . Quenda II: 14-24 agosto 2016

Campos de traballo

Puro Mediterraneo - San Pedro del Pinatar (Murcia)

2-14 agosto 2016

Actividades

Formentera 2016

Quenda I: 2-9 xullo 2016. Quenda II: 13-20 agosto 2016. Quenda III: 21-28 agosto 2016.

Descontos co carné xove.

<http://www.vientonortesur.org/>

Campamentos de verán específicos para persoas con discapacidade 2016

Xoves, 21 Abril 2016 09:06



Ata o **30 de abril** está aberto o **prazo** para a inscrición nos campamentos específicos que organiza a **Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade**.

Permiten gozar, durante **10 días**, dunha estada socializadora e de convivencia, nun espazo lúdico, humano, integrador, formativo e seguro; mediante o desenvolvemento de actividades que este ano estarán dirixidas especialmente ao fomento de habilidades sociais, ao contacto coa terra, ao coñecemento da propia cultura e á educación para a saúde.

Persoas destinatarias

As que teñan recoñecida a condición de persoa con discapacidade, unha idade comprendida entre os 11 e os 40 anos e presenten calquera tipo de limitación e/ou necesidade especial.

Máis información: <http://benestar.xunta.es/web/portal/portada-de-discapacidade>

Xuventude Crea 2016

Luns, 25 Abril 2016 06:55



A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado convoca o **Programa Xuventude Crea** nas especialidades de teatro, artes plásticas, fotografía, música, relato breve, poesía, videocreación, banda deseñada, graffiti, deseño de xoias, moda e cociña.

Poderán participar mozos ou mozas galegos/as ou residentes en Galicia, non profesionais, con idades comprendidas entre os **16 e os 30 anos** de idade feitos no ano 2016.

Salvo no caso das especialidades de teatro, música, banda deseñada e graffiti, a participación será sempre a título individual.

O **prazo** de presentación de solicitudes estará aberto ata o **30 de xuño de 2016**.

Premios por cada unha das especialidades:

- Un primeiro premio de 3.000 €.

- Un segundo premio de 1.500 €.

- Un terceiro premio de 1.000 €.

As obras das persoas participantes premiadas quedarán en posesión da *Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado*.

Teatro:

Poderán concorrer grupos teatrais, non profesionais, compostos por mozos ou mozas galegos/as ou residentes en Galicia, con idades comprendidas entre os 16 e os 30 anos de idade cumpridos no ano 2016. Admitirase que ata un 25% dos/as compoñentes do grupo supere os 30 anos ou teñan entre os 14 e 16 anos.

Artes plásticas:

Establécense as seguintes modalidades: pintura e escultura.

Deberase presentar unha ou varias fotografías en cor ou branco e negro da obra presentada, adheridas a un folio (preferentemente DIN A-4) e tamén en CD. No caso de obras escultóricas, as fotografías deberán presentarse desde diferentes perspectivas para que se poida realizar a valoración adecuada delas.

Fotografía:

As persoas participantes presentarán Unha ou varias fotografías en cor ou branco e negro da obra presentada, adheridas a un folio (preferentemente DIN A-4) e tamén en CD. As obras orixinais serán requiridas ás persoas participantes só no caso de que fosen seleccionadas para a exposición ou previamente cando, a xuízo da comisión, sexa necesario velas co fin de outorgar os premios.

Música:

Poderán concorrer solistas e grupos de pop, folk, rock, hip-hop e demais variedades de música contemporánea.

Admitirase que ata un 25% dos/as compoñentes do grupo supere os 30 anos. Tamén poderá superar a idade máxima a persoa que desenvolva a función de acompañamento musical cos/as participantes que se presenten como solistas.

Relato breve:

As obras serán orixinais, inéditas e en galego.

O tema será libre.

As obras, que deberán estar feitas a ordenador, terán unha extensión mínima de 5 páxinas e máxima de 10, mecanografadas a dobre espazo e por unha soa cara, en DIN-A4, e en tamaño 12. As follas estarán numeradas e encadernadas e presentaranse en único exemplar. As obras deberán presentarse tamén en CD.

Poesía:

As obras serán orixinais, inéditas e en galego.

O tema e a técnica serán libres.

As obras, que deberán estar feitas a ordenador, terán unha extensión mínima de 50 versos e máxima de 100, a dobre espazo e por unha soa cara, en DIN-A4 e en tamaño 12. As follas estarán numeradas e encadernadas e presentaranse en único exemplar. As obras deberán presentarse tamén en CD.

Videocreación:

As obras serán orixinais, inéditas e en galego.

Quedan excluídas deste certame todas as obras que teñan concedidas axudas económicas da Administración autonómica para a súa realización, no momento do remate do prazo de presentación de solicitudes.

O tema será libre, máis deberá dar prioridade aos contidos artísticos e culturais dunha maneira innovadora e experimental. Enténdese por experimental a obra que se sitúa fora dos códigos convencionais, que aposta por fórmulas audiovisuais onde se dá prioridade á subxectividade.

Banda deseñada:

As obras serán orixinais e inéditas.
A temática será libre, con textos en galego.

A técnica pode ser calquera, feita en branco e negro ou en cor.

O formato deberá ser en DIN A-4 ou DIN A-3 e a extensión mínima terá que ser de 10 páxinas. En caso de que a obra fose feita en formato dixital, á parte dunha versión impresa deberá xuntarse un CD ou DVD cos arquivos orixinais.

Cada obra deberá levar pseudónimo e título.

Graffiti:

As obras serán orixinais, inéditas e, de ter texto, este estará en galego.

O tema e a técnica serán libres.

Os traballos poderán ser individuais ou en grupo, neste último caso poderán ter un máximo de 3 membros.

Deseño de xoias:

A colección debe ser orixinal e estará composta por 3 xoias. O acabado das pezas debe traballarse en metal con pezas de xoiaría, excluindo a utilización de fornituras compradas.

Os/as participantes presentarán unha fotografía de cada unha das 3 xoias que poderán ser tanto para home como para muller.

Moda:

As coleccións deben ser orixinais.

Os/as participantes presentarán unha colección coherente de 5 modelos de home ou muller. Terá que definir o tecido utilizado e os complementos para cada un dos modelos presentados. Presentaranse estes deseños en láminas de formato DIN A-3 (297 mm x 420 mm), con deseño de fronte e de costas.

Ficha técnica da colección e mostras dos tecidos que se empregarán na súa confección.

Cociña:

Os traballos poderán ser individuais ou en grupo, neste último caso poderán ter un máximo de 3 membros.

Só se admitirá unha receita por participante, sexa individual ou en grupo.

A receita presentada por cada participante -individual ou en grupo- pode ser a elaboración dun prato salgado ou doce. A base do prato será a utilización de produtos avalados polas diferentes denominacións de orixe de Galicia ou ben pola *Federación de Prazas de Abastos de Galicia*.

As persoas participantes presentarán:

- A receita, que deberá estar escrita en lingua galega, terá que incluír o título do prato, a relación de ingredientes -avalados, prioritariamente, por algunha das denominacións de orixe de Galicia- e o proceso de elaboración.
- Unha ou varias fotografías en cor ou branco e negro da obra presentada, adheridas a un folio (preferentemente DIN A-4) e tamén en CD.

O tempo de elaboración do prato non poderá exceder as **2 horas**.

Máis información no DOG do 22 de abril de 2016 e en https://sede.xunta.es/co_procedemento_BS310Q

NOVAS FORMACION

OUTROS CURSOS

Estratexias e ferramentas para a procura de oportunidades formativas e profesionais na Unión Europea

Martes, 19 Abril 2016 08:04



O **taller de estratexias e ferramentas** para a procura de oportunidades formativas e profesionais na **Unión Europea** é unha iniciativa do **Centro Asociado á UNED en Pontevedra**, organizada en colaboración con **Ticket2Europe** e financiada pola **Comisión Europea**.

No taller abordaranse, a través de sesións prácticas, as principais iniciativas de mobilidade europea, se conocerán, de primeira man, diferentes recursos para o emprendemento, traballátese como abordar a procura de emprego e participárase en diferentes sesións de coaching con expertos internacionais.

Datas: do 2 ao 7 de maio de 2016

Lugar: Centro Asociado á UNED en Pontevedra

Horas lectivas: 24

Créditos: 1.0 crédito ECTS e 2.0 créditos de libre configuración

Máis información: <https://empleaue.wordpress.com/>

Correspondentes Erasmus en Flandes

Martes, 19 Abril 2016 12:22

1.- ENTIDADE ORGANIZADORA/CONVOCANTE

Turismo de Bélxica: Flandes e Bruxelas

2.- DESTINATARIOS

- 8 estudantes españois/as que viaxen a Flandes (Bruxelas, Anveres, Gante, Lovaina) como Erasmus durante o curso 2016/2017. Haberá 4 estudantes durante o período de setembro 2016 ata finais de xaneiro 2017 e outros 4 de febreiro ata xuño de 2017.
- 2 estudantes españois/as que viaxen a Flandes (a calquera localidade) e que permanezan en Flandes os meses de xullo e agosto 2017 como correspondentes de verán.

Turismo de Bélxica: Flandes e Bruxelas seleccionará os Correspondentes mediante a valoración dos seguintes criterios: entusiasmo, dinamismo, orixinalidade, profesionalidade e actividade en redes sociais.

3.- DATA LÍMITE: 17/07/2016

4.- MÁIS INFORMACIÓN

Ofrecen: Soldo mensual 700 euros durante a túa estancia como correspondente en Flandes para cubrir, entre outros gastos, os do teu aloxamento. Nalgunhas ocasións, entradas para asistir a exposicións, museos e outros eventos.

Ferramentas para dar a coñecer as túas experiencias flamencas. Unha colaboración de 5 meses (para 8 estudantes). Unha colaboración durante 2 meses de verán - xullo e agosto - (para 2 estudantes).

5.- FONTE, PAGINA WEB OU PERSOA DE CONTACTO

Para participar na selección, os solicitantes deberán enviar o seu **Curriculum Vitae** e candidatura a practicas@flandes.net

30 Convocatoria de xóvenes aprendices de SEAT

Luns, 25 Abril 2016 08:40

Convocadas **60 prazas de formación** para o **curso 2016-2017** (30 de mecanizado e 30 de mantemento electromecánico).

Máis información: <http://www.injuve.es/convocatorias/becas/30-convocatoria-de-jovenes-aprendices-de-seat>

NOVAS FORMACION

CURSOS DE TEMPO LIBRE

Curso de monitor/a de actividades de tempo libre en A Estrada

Martes, 19 Abril 2016 06:42



A **Escola de tempo libre COESCO** convoca un **Curso de monitor/a de actividades de tempo libre en A Estrada**.

Prazo de inscrición: ata o 29 de abril.

Datas do desenvolvemento do curso: dende o 2 de maio ao 10 de xuño.

Horario: de luns a sábado dende as 9:00 ata as 15:00

200 horas teóricas-prácticas presenciais.

150 horas prácticas.

Prazas limitadas ata 25 persoas.

Curso dirixido a maiores de 18 anos cunha titulación mínima de graduado en ESO.

Para máis información:

COESCO A Estrada. Rúa San Paio, nº 21. A Estrada.
986 572 025
aldebaran@coesco.com

Curso de monitor/a de actividades de tempo libre en Vigo

Mercores, 20 Abril 2016 10:27

A **Escola de tempo libre Koremi** organiza un curso de monitor/a de actividades de tempo libre en Vigo.

Lugar: Mastalents, Rúa Ecuador 20, baixo. Vigo.

Datas: do 26 de abril ao 26 de xuño de 2016, de luns a venres de 9.30 a 14.30 h.

Máis información en Koremi. Teléfono de contacto: 678 415 501 e 605 788 071.

<http://koremi.es/es/>

BOLSAS E AXUDAS CONVOCATORIA XERAL

Convocatoria de dúas bolsas para a axuda no proceso de xestión da calidade docente na Facultade de Dereito

Mercores, 20 Abril 2016 11:53


Resolución reitoral do **8 de abril de 2016** pola que se convocan dúas bolsas para a axuda no proceso de xestión da calidade docente na **Facultade de Dereito do Campus de Ourense**

Prazo de presentación de solicitudes: dende o 9 ao 28 de abril (ambos incluídos)

<file:///C:/Users/aalvmor/Downloads/Convocatoria%20de%20d%C3%BAas%20bolsas%20para%20a%20axuda%20no%20proceso%20de%20xesti%C3%BA>

Bolsas para os cursos da UIMP

Luns, 25 Abril 2016 08:14



A **Universidade Internacional Menéndez Pelayo** convoca **bolsas de matrícula** para a **asistencia ás actividades académicas** que se celebrarán nas súas sedes de durante o ano 2016.

Requisitos:

Estar matriculado no curso académico 2015/2016 ou 2016/2017 nos estudos oficiais conducentes á obtención dun título de Grao, Máster ou Doutor nunha Universidade española, ou en calquera outro estudo que equivalla a eles, segundo a normativa vixente, ou finalizalos con anterioridade ao curso académico 2015/2016.

Os titulados que finalizasen os seus estudos con anterioridade ao 31 de decembro de 2010 só poderán solicitar bolsa de matrícula. Os solicitantes deberán acreditar unha nota media no seu expediente académico igual ou superior a 6 sobre base 10.

Características da bolsa:

Bolsa completa. Inclúe o aloxamento e manutención nas instalacións da Universidade Internacional Menéndez Pelayo ou noutras residencias concertadas e a matrícula gratuíta ao curso ou seminario que se solicite, nos termos que se especifican na disposición cuarta da convocatoria.

Bolsa de matrícula. A bolsa de matrícula comporta, exclusivamente, a exención do pago da matrícula no curso ou seminario solicitado polo alumno.

O **prazo** para solicitar as bolsas dependerá da data de inicio dos cursos

Máis información en <http://www.uimp.es/actividades-academicas/secretaria-de-alumnos/bolsas.html>

BOLSAS E AXUDAS FORMACION PRACTICA

Bolsas de investigación e creación na Casa Velázquez

Mercores, 20 Abril 2016 08:13



O Consello da Cultura Galega convoca **dúas bolsas de estadía na Casa de Velázquez** en Madrid, coa finalidade de contribuír ao estudo e investigación da proxección da cultura galega, notablemente no mundo francófono.

Unha bolsa de estadía para a investigación na Casa de Velázquez en Madrid:

Esta bolsa ten como finalidade facilitar a presenza dun/dunha investigador/a na **Casa de Velázquez** en Madrid.

Requisitos:

- Estar en posesión do título universitario de licenciado/a ou de grao e ter rematados os estudos conducentes a el no curso académico 2010/11 ou posterior.

- O creador ou creadora deberá presentar unha memoria explicativa que resuma as características xerais do proxecto que vai levar a cabo.

Os proxectos de artes visuais (debuxo, cine, fotografía, gravado, vídeo) ou composición musical deberán estar avalados por un responsable dun centro de creación, dun museo, dun conservatorio, etc. No proxecto de creación deberase xustificar tanto a necesidade da estadía en Madrid como a da proxección da cultura galega, especialmente no mundo francófono.

- Acreditar coñecemento da lingua galega no nivel de perfeccionamento ou Celga 4, agás os que acrediten estar en posesión do título de licenciado/a en Filoloxía Galega.

- Non resultar beneficiario dunha bolsa para estadías convocada polo Consello da Cultura Galega en convocatorias anteriores.

- Posuír unha nota media no seu expediente académico igual ou superior a 7 puntos

Unha bolsa de estadía de creación na Casa de Velázquez en Madrid

Esta bolsa ten como finalidade facilitar a presenza dun/dunha creador/a na Casa de Velázquez en Madrid. Está destinada a creadores ou creadoras do ámbito das artes visuais (agás pintores e escultores) ou músicos.

Requisitos:

- Estar en posesión do título universitario de licenciado/a ou de grao e ter rematados os estudos conducentes a el no curso académico 2010/11 ou posterior.

- O creador ou creadora deberá presentar unha memoria explicativa que resuma as características xerais do proxecto que vai levar a cabo.

- Os proxectos de artes visuais (debuxo, cine, fotografía, gravado, vídeo) ou composición musical deberán estar avalados por un responsable dun centro de creación, dun museo, dun conservatorio, etc. No proxecto de creación deberase xustificar tanto a necesidade da estadía en Madrid como a da proxección da cultura galega, especialmente no mundo francófono.

Cada bolsa estará dotada con 1.000 € de estadía mensual por un período de 3 meses.

A **Casa de Velázquez** asumirá os gastos da hospedaxe. Proporcionará, ademais, tarifas preferenciais (boursier) para os gastos de manutención na **cafetería da Casa de Velázquez**. Igualmente, ofrecerá a posibilidade de empregar os **espazos de traballo e documentación da Casa de Velázquez**. Do mesmo xeito, poderán participar nas actividades de **investigación e creación da Casa de Velázquez**.

O **prazo** para presentar solicitudes estrará aberto ata o **20 de maio de 2016**.

As solicitudes poden descargarse de <https://sede.xunta.es/> co procedemento **PR970A**

Os formularios das solicitudes tamén estarán dispoñibles nas páxinas web do Consello da Cultura Galega (<http://consellodacultura.gal/>)

Máis información no DOG do 20 de abril de 2016 e en <http://consellodacultura.gal>

<http://www.casadevelazquez.org/>

Bolsas para Mestría en Administración e Negocios University of East Anglia

Mercores, 20 Abril 2016 09:00

1.- ENTIDADE ORGANIZADORA/CONVOCANTE

Norwich Business School xunto con University of East Anglia

2.- DESTINATARIOS

Estudantes internacionais sobresalientes, con título de Pregrado ou equivalente, cunha media de 2:1 ou superior.

3.- DATA LÍMITE: 30/06/2016

4.- MÁIS INFORMACIÓN

Norwich Business School xunto con University of East Anglia, está a ofrecer bolsas a estudantes internacionais destacados, para os cursos de Mestría que comezan a partir de setembro 2016. Os programas que ofrecen están centrados na Escola de Administración e Negocios, nas áreas: Dirección de Empresas ou Xestión de Operacións, Loxística e Creación de Empresas.

5.- FONTE, PAGINA WEB OU PERSOA DE CONTACTO

<https://www.uea.ac.uk/norwich-business-school/scholarships-and-funding/postgraduate>

Bolsas para Máster en Xestión Sanitaria Internacional, Frankfurt, Alemaña

Mercores, 20 Abril 2016 09:01

1.- ENTIDADE ORGANIZADORA/CONVOCANTE

Frankfurt School of Finance & Management

2.- DESTINATARIOS

Para estudantes internacionais, cun título de Pregrado.

3.- DATA LÍMITE: 31/07/2016

4.- MÁIS INFORMACIÓN

O programa MBA da Escola de Frankfurt en Xestión Sanitaria Internacional (IHM) está dirixido a todos os involucrados na cadea de saúde: os provedores, seguros de saúde e os organismos reguladores.

O MBA IHM pretende desenvolver xestores sanitarios responsables e dotalos de habilidades empresariais avanzadas, experiencia e integridade, co fin de superar os retos do sector da saúde globalizada. Con estudantes internacionais de Europa, América e Asia, e un corpo estudantil diverso garanten unha experiencia verdadeiramente internacional.

5.- FONTE, PAGINA WEB OU PERSOA DE CONTACTO

http://www.frankfurt-school.de/content/en/education_programmes/mba/ihm/application.html

Bolsas de internacionalización empresarial convocatoria 2018

Mercores, 20 Abril 2016 09:02

1.- ENTIDADE ORGANIZADORA/CONVOCANTE

Icex (España Exportación e Inversións)

2.- DESTINATARIOS

novos profesionais especializados en internacionalización empresarial.

3.- DATA LÍMITE: prazo de solicitude aberto ata o 15 de maio

4.- PÁXINA WEB

http://becas.icex.es/icex/cda/controller/page/0,2956,35582_3088097_3088372__93b946b0-f1c2-102a-b411-000000000000,00.html?ide=9d2c55f0-d8a7-1033-ac43-000000000000

5.- MÁIS INFORMACIÓN

ICEX España Exportación e Inversións (en diante ICEX), convoca as Bolsas de Internacionalización Empresarial 2018, cuxo obxectivo é a formación de mozos profesionais especializados en internacionalización empresarial.

